

África, máis aló do ébola

O enxeñeiro vigués Manuel Lago promove en costa de Marfil o centro médico social Walé, que atende a persoas con escasos recursos e a máis de 2.500 afectados de Sida

07-09-2015

"Os pacientes pobres só van ao hospital cando a situación é verdadeiramente grave, e nos pobos e aldeas cando xa é irreversible".

Así resume Manuel Lago o drama das clases máis desfavorecidas en Costa do Marfil, país ao que chegou hai 35 anos. Para buscar unha solución a eses problemas sanitarios ligados á pobreza este enxeñeiro naval vigués foi un dos promotores do Centro Médico e Social Walé, que presta os seus servizos nos barrios máis modestos de Yamusukro, capital oficial do país, e na aldea de Toumbokro.

Durante o pasado ano realizáronse en Walé máis de 30.000 consultas e 44.000 análise, e na actualidade atenden no centro médico a 2.656 enfermos de VIH Sida.

"Tivemos unha alarma dunha paciente cuxos síntomas facían sospeitar que fose un caso de ébola, pero afortunadamente foi unha falsa alarma. De feito, o ébola non afectou Costa do Marfil", comenta Lago. Outro dato significativo é que o 80

por cento dos pacientes son mulleres e nenos.

Explica Manuel Lago que a idea xurdiu "ante o drama que supón para a poboación pobre o acceso á sanidade: poucos establecementos, atención insuficiente e custos, aínda que moderados, prohibitivos para gran parte da poboación". E é que nas cidades de Costa do Marfil hai hospitais, pero en xeral son insuficientes para atender correctamente aos numerosos enfermos. "Ademais, e quizá é o máis grave, as consultas non son gratuítas e os medicamentos e material sanitario (vendas, gasas, anestesia, etc.) deben ser comprados polos propios pacientes", engade.

Xunto cun grupo de médicos, Manuel Lago impulsou a creación de Walé, un centro de atención primaria e de formación sanitaria que se puxo en marcha o ano 2004. "O noso

obxectivo é dar unha atención médica primaria de calidade a uns prezos moi reducidos. Ademais, procuramos facilitar os medicamentos necesarios aos mellores prezos posibles", explica este enxeñeiro vigués membro do Opus Dei.

Walé conta ademais cun dispensario na aldea de Toumbokro, situada a 28 quilómetros de Yamusukro, que é a capital oficial do país aínda que o Goberno atópase en Abiyán. No dispensario, os prezos de atención aos pacientes son practicamente simbólicos.

Como é lóxico, a actividade de Walé resulta deficitaria, polo que a asociación que o promove, AIFUP (Association Ivoirienne pour a Formation Universitaire et Professionnelle), busca en Europa subvencións oficiais e doazóns de

particulares que aseguren a continuidade do proxecto.

"Paradoxalmente son máis fáciles de obter axudas para a adquisición de novos equipos que para o propio funcionamento do centro médico", comenta Manuel Lago, que facilita o seu correo -

lagopmanuel@gmail.com- "porque toda axuda que recibamos será ben recibida".

Xunto coa atención sanitaria, outro dos obxectivos de Walé é reducir os riscos da automedicación, así como proporcionar aos pacientes unha educación en materia de nutrición e prevención de enfermidades derivadas dunha hixiene deficiente.

Paralelamente ao número de pacientes, co paso dos anos tamén ha ir crescendo o prestixio do centro médico entre a poboación máis necesitada. "Un día - relata Manuel Lago- apareceu un taxi que traía un

mozo duns 20 anos desvanecido. Imposible saber quen era. O taxista díxonos que unhas persoas o atoparon desvanecido na rúa e dixéronlle que o trouxese a Walé, pagándolle a carreira; bos samaritanos que, como todo o mundo en Yamusukro, sabían que Walé faría o imposible por salvar a vida do paciente. O médico que o recibiu diagnosticou rapidamente unha situación urxente de peritonitis. Había que tentar localizar á familia e envialo a un hospital onde puidesen operalo.

Púxoselle baixo perfusión, tratouse de estabilizar as constantes clínicas e, cando recuperou un pouco o coñecemento, preguntóuselle se había un número de teléfono ao que se puidese chamar. Deu o número do móbil do seu pai, pero non contestaba. Levámolo a unha clínica con quirófano, onde se lle operou a cargo de Walé e salvóuselle a vida.

Por fin demos co seu pai: era un agricultor que estaba no campo, fóra de cobertura telefónica, e que só chamou cando volveu a casa pola tarde. Cando se lle comunicou que o seu fillo estaba xa operado, quedou lóxicamente moi agradecido e comprometeuse a ir pagando os gastos da operación aos poucos, cousa que ha ir facendo na medida das súas escasas posibilidades". Unha anécdota que reflicte as necesidades do país e a dignidade das persoas que acoden ás consultas. Porque, como sinala Manuel Lago, "sexa cal for a súa situación económica, en Walé o paciente é sempre unha persoa que necesita comprensión, afecto e respecto".

Fonte: Faro de Vigo. Estela. 30 de agosto de 2015

Texto Castelán: J.A. OTERO RICART

Tradución: Carlos S.

Fotos: ISMAEL MARTÍNEZ

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/africa-mais-alo-do-ebola/](https://opusdei.org/gl-es/article/africa-mais-alo-do-ebola/)
(22-02-2026)